

# Nossomos

Número 4

Outubro 2024



## Nossomos



Revista do Equipo de Documentación e Preservación Cultural na Escola de Música de Rianxo.

Edita  
EDPC

Responsable de Dirección

Jesús Pérez

Responsable de Redacción

Nereida Pérez

Redactores

Jesús Pérez, Nereida Pérez, Fátima Ordóñez.

Colaboradores

Equipo de Documentación e Preservación Cultural e tantas outras persoas que prestaron a súa colaboración dun xeito ou doutro, moitas grazas.

Diseño e maquetación

Jesús Pérez e Nereida Pérez

Ilustracións, audio e fotografía

Fondo Documental do EDPC

CC (BY-SA)

Páxina web

[www.sondamar.es](http://www.sondamar.es)

Correo

[edpcnossomos@gmail.com](mailto:edpcnossomos@gmail.com)

Licenzas

EDPC CC (BY-SA)

As persoas entrevistadas nesta publicación e/ou aquelas que, non pertencendo á redacción, colaboraron expresando as súas opinións e ideas, fixérono nun espazo de total liberdade e *Nossomos* pode ou non coincidir co expresado.

# Editorial



Presente número 4 da nosa revista (quinto en realidade) preséntase ante quen nos le cargado de material. Tanto é así que tivemos que prescindir, temporalmente, dalgunhas das seccións máis queridas, entre elas *E o ceo cantou para min* e *Noticias*. Esta última, por certo, contará cun especial entre este número e o seguinte. Tanto, e tanto máis non devandito que dicir, queda... Pero é a nosa intención centrarnos nos frescos ventos que este número nos trae e queremos comezar destacando dúas entrevistas; unha na que tratamos de profundar na cuestión dos métodos de traballo e a outra na que tentamos ver a historia da EMR a través dos ollos dalgunhas das persoas que poden contar cunha visión máis de conxunto como son precisamente os seus presidentes, tanto do pasado como do presente. Daquela outras dúas interesantes entrevistas tratando o tema da música tradicional, a actual e aqueloutra que, xurdindo nunha época anterior, cremos que hoxe en día ten o seu espazo entre nós. Con todo, foi a partir do artigo *Libros, libros, libros, libros... más libros por favor* pertencente á sección *Non estaba no teu libro pero...* que o número que o estimado lector ten nas súas mans, dá un salto máis aló, ou quizais sexa mellor dicilo así, profunda máis naquela especial música que harmoniza a nosa experiencia vital, transcendendo dela cara a outras artes e disciplinas do coñecemento. Habemos de agradecer a súa inestimable colaboración prestándose a contestar as nosas entrevistas, a Ana Rivas, Juan Rilo e Dolores Puerta. As súas respostas axudáronnos moito e nelas compartiron con todos nós unha gran experiencia vital, unha gran riqueza. Grazas de novo. Por tanto, o resto do número centrouse nesoutra música, a música das palabras, a música das letras, a música dos números, a música da loita de ideas, a música que pode brotar do feito de ver con *outros ollos*, o máis aparentemente simple milagre na

# Índice

**2** **Editorial.** *Libros, libros, libros, libros... máis libros por favor...*

**4** *E a Necesidade Creou o Método.* **Entrevista a...** *Alfredo Susavila, Eduardo García e Rafael Collazo.*

**11** **E Logo ti...** Nesta ocasión visítanos *Mauro Sanín Leira*. Unha persoa que loita máis alá da restauración dun instrumento en particular, polo poder social da música.

**14** **A Música das Palabras.** *De Sangre y Nieve. Cambia o Tempo. Onde o Corazón che poida levar. Corazón Enchido, Primero Vinieron...*

**17** **Non Estaba no teu libro mais...** **Libros, libros, libros, libros, máis libros por favor...** Unha inmersión no mundo das letras da man de Ana Rivas, Juan Rilo e Dolores Puerta.

**27** **A Historia da Escola de Música de Rianxo e a Banda da Escola de Música de Rianxo a través da visión dos seus presidentes...** Ramón Pérez, Tobías Betanzos e Rafael Varela.



**32** **Un paseo polas raíces da música...** **Río de Anxo.** Unha entrevista a Ángel Collazo.

**38** **O Son da Mar.** *La Escalera. Historias del Bacter Queen (I). Instrucciones para meterse en una cama. La mujer que podía volar.*

**45** **Iniciativas Construtivas...** *Proxecto Ágora, mentes creativas.*

**50** **Contando Compases.** Sección de humor.

**52** **Contraportada...** e algo máis.

# E a Necesidade Creou o Método.

## Redacción

**A** hora de abordar calquera problema e, en particular, a cuestión do ensino musical, cremos que é imprescindible facer fincapé na necesidade ineludible de dispoñer dun método de traballo, de estudo, de investigación... correctos. Ora si, ora tamén nos atopamos ante estilos de traballo que en lugar de promover a sistematización, promoven a improvisación máis ou menos brillante; en lugar da orde, a desorde máis anárquica... É por iso que nos decidimos a inaugurar unha nova sección na que esperamos achegar a experiencia e a loita por lograr un traballo sistemático no mundo da docencia; neste caso, musical.

Para esta primeira aproximación ao tema contamos cun trípode moi especial sendo que, como en todo trípode, tres patiañas achegarannos un plano perfecto do traballo que na nosa EMR se realiza. Unha delas centrada no ensino da praxe instrumental; outra centrada na iniciación musical; é dicir, o ensino musical cos máis pequenos e outra centrada na preparación das presentacións musicais que a Banda da Escola de Música de Rianxo realiza.

**A**lfredo Susavila desenvolveu un método de ensino ao redor da práctica do piano. Sendo certo que, superficialmente, tratamos diso noutros

números desta publicación, non o é menos que no presente número imos profundar máis.

**NOSSOMOS:** Alfredo, en que momento, situación; ante que problemas sentiches que necesitabas buscar un novo camiño, crear un método para o ensino do instrumento?

**ALFREDO SUSAVILA:** Dende hai uns 20 anos, embarqueime na creación dun novo método de ensino no piano moderno. Ante a falta de libros que abordaran todos os aspectos técnicos, harmónicos e estilísticos que consideraba esenciais, agrupados nun só libro, decidín desenvolver o meu propio enfoque. Consciente da importancia de que os meus alumnos alcanzaran certos obxectivos para progresar nos seus estudos, enfrontarse ao desafío de tocar en grupos en vivo, ou probas de acceso, creando un método dende os primeiros pasos no instrumento ata un nivel moi avanzado baseándome nos meus estados realizados, na miña experiencia como pianista profesional, e a miña labor como docente. Agrupei contidos técnicos, prácticos e estilísticos para proporcionar aos meus alumnos as ferramentas necesarias para converterse en bos instrumentistas. Ao longo dos anos, fun perfeccionando e refinando este método co obxectivo de ofrecer a mellor aprendizaxe posible, unha experiencia que eu mesmo tería desexado ter no seu lugar.

**NOSSOMOS:** Que primeiros pasos deches e que outros pasos seguiron a eses primeiros para que chegase a ser o que hoxe en día é? É dicir, descríbenos o máis detalladamente posible

como o fuches construíndo, que esforzos, dedicación e recursos foron necesarios para iso e con que axudas contaches.

**ALFREDO SUSAVILA:** Os primeiros pasos que tiveren que dar para crear un bo método foi o de elaborar un sólido índice filtrando todo o material que estudiara durante a miña carreira como pianista. Xunto coa experiencia das clases, fun dosificando e perfeccionando lección por lección gradualmente contando co estudo semanal que tiña que realizar un alumno. Ademais, había que agrupar todo o material, tanto recopilado de métodos de técnica e outros aspectos, así como os meus propios apartados de experiencia que consideraba moi importante. Tamén era crucial saber con que ferramentas podía contar e as axudas dispoñibles. Para iso, os programas de edición de partituras e os editores de texto e gráficos foron de grande axuda. Outro aspecto importante relacionado co método foi a creación da programación do grao profesional que se realiza en CEMU (centro autorizado de grao profesional) no que relacionei cada libro co seu curso correspondente ata chegar ao método actual que editei.

**NOSSOMOS:** Poderías explicarnos en que consiste e como o implementas, no día a día, como resolves a contradición entre un método xeral e a súa aplicación personalizada?

**ALFREDO SUSAVILA:** O temario do método está composto por 8 libros que se presentan en vintecatro leccións cada unha. Isto ocupa tódolos aspectos técnicos e prácticos que afectan ao instrumento, adquirindo un dominio técnico potenciando nun perfil na ensinanza da música moderna. Cada libro require o estudo aproximado dun curso. Os dous primeiros chamados preparatorios un e dous, ocúpanse dos aspectos técnicos e prácticos que afectan á iniciación no instrumento. Logo o volumen 1, 2 e 3 fai que o alumno teña unha boa base técnica e

armónica así como un desenvolvemento estilístico. E por último o volumen 4, 5 e 6 calificará ao alumno coas técnicas máis avanzadas así como o desenvolvemento estilístico no jazz, para poder integrarse nunha formación profesional, o acceso ao superior ou o desenvolvemento nunha improvisación. Unha das contradicións que tiña con outros libros é que non había unha forma gradual e específica dos contidos que necesitaba abarcar en cada clase e conseguir os obxectivos marcados, polo que necesitaba un aspecto máis personalizado.

**NOSSOMOS:** Cal foi a acollida na práctica entre os teus alumnos e como foi acollido en xeral? Tes plans para estendelo a outras comunidades educativas e centros docentes?

**ALFREDO SUSAVILA:** A acollida por parte dos alumnos foi moi positiva de forma xeral, xa que de maneira gradual, dinámica e de forma motivadora foron dominando e asimilando cada lección paso a paso. Por unha banda, é moi práctico de cara ao mestre ter todo o material preparado de cada clase, así como os obxectivos alcanzados por diferentes alumnos, conseguindo formar músicos profesionais. O plan do método non só se limita ás miñas clases, senón que cando decidín editalo, quixen ampliar o seu alcance para que outros mestres e alumnos poideran utilizalo. Desta maneira, logrei que outros centros, incluídas escolas de música, ofreceran clases de piano exclusivamente co meu método, e mesmo algúns conservatorios o utilizaran como piano complementario na súa programación. Por outro lado, nunca imaxinei que sería tan ben recibido noutros lugares, polo que tiveren a demanda de exportar o libro a diferentes puntos de España, e outros países. Esta demanda dos métodos é o resultado dun traballo moi extenso durante anos sendo unha satisfacción moi grande conseguir esta acollida.

**NOSSOMOS:** Ao longo da aplicación do teu método seguro que tiveron lugar moitas cousas interesantes. Cóntanos un tropezo que che fixese avanzar, o logro cultivado máis importante e dúas anécdotas positivas e/ou divertidas.

**ALFREDO SUSAVILA:** Durante a creación do método, houbo moitas cousas interesantes. Ademais do traballo dos contidos da programación do método, a redacción dos textos e a explicación de cada sección permitíronme aprender e investigar para acadar certos obxectivos nos alumnos. Foi difícil o proceso de poñerse na pel do alumno, o aprendizaxe nas clases foi o primeiro obstáculo que atopei. Tiven que reeditar o libro unhas cantas veces e adaptarme ao nivel de cada alumno, repasando certos conceptos importantes ao longo dos métodos. Dominar o material é unha cousa, pero plasmar os contidos de maneira gradual para acadar obxectivos específicos é outra.

Para min, un logro cultivado moi importante é guiar a un alumno dende os seus primeiros pasos no piano ata alcanzar un nivel profesional e tiven uns cantos resultados moi bos. É unha satisfacción enorme para calquera mestre! Ademais, unha anécdota memorable é cando me propuxen ensinarlles a improvisar, unha tarefa desafiante que me levou a desenvolver un método desde cero para fomentar a creatividade en cada alumno, que logo implantei no método.

Un tropezo que me fixo avanzar na metodoloxía foi darme conta de que os propios alumnos recoñecían que non escoitaban certos estilos de música. Para axudalos a progresar na súa comprensión estilística, desenvolvín unha aplicación que cubrira as bases para improvisar, así como os ritmos e estilos que quería ensinar. Deste xeito, logrei que puideran captar ese *groove* de maneira efectiva.

Como anécdotas divertidas, houbo algunhas, pero destaco un par delas. A primeira foi

atoparme con algún erro simpático na redacción dos textos, xa que ao principio, como tiña que utilizar e escribir moito texto para explicar, facíao mediante un programa de tradución de voz a texto. De repente, atopábame con textos nos que, en lugar de 'tensión', aparecía 'pensión', así como distintas palabras mal escritas debido a iso. Tiven que comezar de novo e facer unha revisión completa, e seguía encontrándome erros. Por outro lado, outra anécdota foi que empecei os métodos en galego. Ao principio, era a miña idea porque estaba enfocado só para os meus alumnos. Logo, de repente, decateime de que tiña alumnos de distintos lugares, que non entendían nada do que estaba escrito. Por iso, como anécdota, tiven que volver a redactalo todo e ademais servíume para poder exportalo a outras partes de España.

**NOSSOMOS:** Que perspectivas de crecemento ten e cara a onde se encamiña o teu método de ensino?

**ALFREDO SUSAVILA:** As perspectivas de crecemento para o método inclúen continuar a miña formación e aprendizaxe actualizando o propio método con novas melloras e ampliando a colección. Ademais da aplicación, estou a gravar videos para cada lección e exercicio como si estivera dando clase, debido á demanda doutros usuarios que desexan acceder ao método pero non poden recibir clases en persoa debido á miña falta de tempo, no que a partir do curso que ven estará exposto na miña páxina web ([www.alfredosusavila.es](http://www.alfredosusavila.es)). Estou tamén no proceso de desenvolver outros métodos relacionados, como de harmonía, e outros de arranxos e composición. Ademais, estou a traballar en integrar o método na programación dun grao profesional de música moderna, coa perspectiva de implementalo tanto nas escolas como en conservatorios de música moderna nun futuro.

**NOSSOMOS:** Como xa sabes, sempre pechamos as entrevistas dando voz á/as persoas entrevistadas para que expresen o que desexen.

**ALFREDO SUSAVILA:** Para finalizar esta entrevista, convido a todo o mundo a desfrutar desta paixón que é a música e, sobre todo, a seguir formándose e estudando. Que gocen deste camiño tan fermoso e, a pesar de que require unha gran disciplina, lembraren que os logros conséguense pouco a pouco. Pola miña parte, convido aos mestres a compartir os seus coñecementos e a experiencia que posúen, adaptando o seu método de ensino para cada alumno, aínda que non se trate de métodos editados, senón de plasmar esa experiencia de maneira personalizada en cada un, farán que as súas clases sexan distintas e especiais sen olvidar os aspectos importantes da vida dun músico profesional.


**E**duardo é un compañeiro na EMR onde toca a trompeta, pero máis aló diso, a súa principal labor é a educación musical dos nosos alumnos máis novos. Tamén conta cun método de ensino propio que nos gustaría que desenvolvese nestas páxinas. E por iso convidámolo e el amablemente accedeu.

Antes de continuar, temos de dicir que Eduardo decidiu contestar esta entrevista a través duns vídeos. Vídeos nos cales no momento de visualizalos, observamos un marcado carácter expresivo e coloquial moi distendido e familiar. Isto, en gran parte, perderíase ao transcribilo. Por iso, e porque as súas respostas realmente foron pensadas para ser vistas nunha pantalla, decidimos incluílas na súa forma orixinal, de vídeo.

**NOSSOMOS:** Eduardo, en que momento, situación; ante que problemas sentiches que necesitabas buscar un novo camiño, crear un método para o ensino da música, e

precisamente nun rango de idade tan especial como é o que abarcan as túas clases?

**EDUARDO:**



**NOSSOMOS:** Que primeiros pasos deches e que outros pasos seguiron a eses primeiros para que chegase a ser o que hoxe en día é? É dicir, descríbenos o máis detalladamente posible como o fuches construíndo, que esforzos, dedicación e recursos foron necesarios para iso e con que axudas contaches.

**EDUARDO:**



**NOSSOMOS:** Poderías explicarnos en que consiste e como o implementas, no día a día, como resolves a contradición entre un método xeral e a súa aplicación personalizada?

**EDUARDO:**




**NOSSOMOS:** Que perspectivas de crecemento ten e cara a onde se encamiña o teu método de ensino?

**EDUARDO:**

**NOSSOMOS:** Cal foi a acollida na práctica entre os teus alumnos e como foi acollido en xeral? Tes plans para estendelo a outras comunidades educativas e centros docentes?

**EDUARDO:**



**NOSSOMOS:** Como xa sabes, sempre pechamos as entrevistas dando voz á/as persoas entrevistadas para que expresen o que desexen.

**EDUARDO:**

**NOSSOMOS:** Ao longo da aplicación do teu método seguro que tiveron lugar moitas cousas interesantes. Cóntanos un tropezo que che fixese avanzar, o logro cultivado máis importante e dúas anécdotas positivas e/ou divertidas.

**EDUARDO:**





**N**on podía faltar neste artigo *Rafael Collazo Moares*, o noso director da *BEMR*. A todos gústanos gozar dun concerto musical onde aproximadamente sesenta músicos, cada un executando unha partitura, son capaces de presentarnos unha obra homoxénea, unha unidade sen fisuras capaz de conmover o noso corazón. Pero, como se consegue isto que a priori se nos antolla difícilísimo?, e non nos referimos xa a unha presentación en particular senón.... Como se consegue e afianza esa unidade, cada vez maior, durante os vinte anos de existencia da *BEMR*?

**NOSSOMOS:** Como xurdiu a idea de crear a Escola de Música de Rianxo? Expúxose primeiro a banda, e para iso necesitabamos a Escola; expúxose primeiro a Escola, e esta necesitaba unha banda, ou ambas formaban partes complementarias dun mesmo proxecto?

**RAFAEL COLLAZO:** Naquel momento a banda que existía era a Banda de Música Municipal de Rianxo e estaba en vías de extinción, polo que decidimos comezar de cero e crear a Escola de Música de Rianxo e que unha das materias fora a de Banda de Música.

**NOSSOMOS:** É evidente que esta pregunta non che incumbe só a ti senón a toda a Xunta Directiva da *EMR* pero gustaríanos que os nosos lectores tivesen coñecemento do traballo previo ao primeiro ensaio de calquera peza ou concerto, ou campaña anual. Por iso... que criterios se seguen para elixir as pezas soltas, as temáticas dos concertos, e as pezas que forman parte de cada concerto, tanto a nivel de temas musicais como de crecemento da *BEMR* e de cada un dos seus membros?

**RAFAEL COLLAZO:** Pois habitualmente o repertorio é proposto por min tendo diferentes criterios como poden ser o de nivel técnico,

estilos musicais, pezas orixinais ou transcricións, pero nalgunha ocasión é proposto pola comisión da banda, que está formada por músicos/as da banda.

**NOSSOMOS:** Unha vez que eliximos as pezas, gustaríanos que explicases o máis detalladamente posible os pasos previos (*mise en place* por dicilo en termos culinarios) ao primeiro ensaio; desde investigación e documentación, procura e elección de partituras e/ou arranxos, adaptación ás características específicas da nosa banda, como é a coordinación coas persoas responsables de cada sección instrumental... cantas horas, canta dedicación...

**RAFAEL COLLAZO:** A preparación dunha peza musical para unha banda é un proceso que require diversos pasos a seguir:

Buscamos as partituras orixinais ou versións autorizadas, e se a peza non está arranxada para a nosa formación específica, podería ser necesario adaptala ou crear un novo arranxo.

Avaliamos a dificultade técnica da peza e distribuímos as partes segundo a instrumentación da banda, tendo en conta os puntos fortes e débiles de cada sección e músico.

Os músicos reciben as súas partituras con antelación para poder estudalas. Organizamos sesións de práctica en pequenos grupos, se é necesario e coordinamos ensaios por seccións (ventos, cordas, percusión) para resolver problemas específicos de cada grupo instrumental.

Dependendo da complexidade da peza, os ensaios poden variar de varias semanas a varios meses. E dedicamos 3 horas por semana a ensaios conxuntos, ademais do tempo que cada músico dedica ao estudo individual.

**NOSSOMOS:** Estamos no primeiro ensaio, Como se consegue que sesenta músicos (ou máis) toquen como un só? Fai chegar aos nosos lectores o proceso de ensaio ata conseguir o

resultado final? Como se van traballando as distintas cordas? Como se unen todas elas finalmente para dar lugar a un resultado satisfactorio?

**RAFAEL COLLAZO:** O proceso de ensaio dunha banda comeza coa preparación individual de cada músico na casa, seguido dos ensaios por seccións (cordas, ventos, percusión) para traballar detalles específicos, logo as distintas seccións comezan a tocar xuntas en ensaios parciais para conxuntar o traballo previo, e despois a banda ensaia xunta en ensaios xerais para traballar na interpretación global da obra e limar os últimos detalles.

**NOSSOMOS:** Como se consegue dar continuidade e facer que avance e creza un proxecto como son a EMR e a BEMR ao longo de vinte anos? Cal é a fórmula para que tantas persoas, desinteresadamente, desexen día tras día dar unha parte de si mesmos para o colectivo?

**RAFAEL COLLAZO:** Para dar continuidade e facer que avancen proxectos como a EMR e a BEMR durante vinte anos, é esencial ter unha visión clara e compartida do proxecto, fomentar unha comunidade forte e colaborativa, recoñecer os esforzos dos colaboradores, ser flexible e adaptarse aos cambios, ofrecer formación continua, e garantir os recursos necesarios para que os proxectos sexan viables. É fundamental que as persoas se sintan parte significativa e duradeira do colectivo.

**NOSSOMOS:** Como xa sabes, sempre pechamos as entrevistas dando voz á/as persoas entrevistadas para que expresen o que desexen.

**RAFAEL COLLAZO:** Gustaríame aproveitar esta oportunidade para expresar o meu profundo agradecemento a todas as persoas que, ao longo destes vinte anos, contribuíron ao

crecemento e éxito da EMR e a BEMR. A súa dedicación son o motor destes proxectos, e sen elas non sería posible chegar tan lonxe. Un claro exemplo é o equipo responsable desta revista cuxa labor axuda a dar visibilidade á nosa asociación.

**A**gradecemos tanto a Rafael Collazo, como a Eduardo García e a Alfredo Susavila a súa participación nesta entrevista, a cal para nós foi moi enriquecedora. Para finalizar, e parafraseando a Rafael Collazo nunha das súas respostas, desexamos que todas as persoas que participaron, obteñan nos seus respectivos proxectos tanto presentes como futuros a visión clara e a flexibilidade necesarias para adaptarse aos cambios vindeiros, coa fin de conseguir a formación dunha forte comunidade ao redor de cada un deles. Moitas grazas.



# E LOGO TI? Coñecendo mellor a aquelas persoas que, por mor da veciñanza e cotidianeidad e, non as chegamos nunca a valorar no que valen... ata agora.

*Redacción*

A persoa que nesta ocasión traemos á sección *E logo ti?* é unha persoa que coñecemos casualmente, un verán, paseando entre os diferentes postos do mercadillo de Rianxo. Un mozo facía música cun instrumento difícil de ver hoxe en día nunha actuación en directo e foi este feito o que inicialmente captou a nosa atención. Falamos do instrumento coñecido como *Zanfona* o cal produce un son moi particular que, nin dicir ten, cativounos e, como non podía ser doutra forma, motivounos a asistir ao concerto con que tanto el como outros músicos, deleitáronnos na nosa localidade. Hoxe, Mauro Sanín Leira, quen naceu en Ferrol o ano 1979 e vive actualmente en Santiago de Compostela, comparte connosco...

**NOSSOMOS:** Como descubriches o mundo da música, que foi o que che atraeu e como foi o teu proceso de aprendizaxe?

**MAURO:** Como moitas cousas, un non é consciente de certas descubertas vitais. Están aí simplemente facendo parte do cotiá; un día que acordas e tomas consciencia da súa existencia. A miña atracción pola música é o seu deleite sensorial, a beleza dos sons e o poder social da súa práctica. Aprendín sempre doutras persoas, nalgún centro coma o *Toxos e Froles* de Ferrol, a *Central Folque* en Lalín e Santiago, a *Asociación*

*Ibérica da Zanfona*,... e nunca deixando de querer aprender e saber cousas novas.

**NOSSOMOS:** Como descubriches a Zanfona? Cóntanos algo da súa historia, as principais pezas que nos recomendarías para este instrumento e que pensas que pode achegar á música actual.

**MAURO:** Descubrina dos discos de Fuxan os Ventos, Milladoiro, Miro Casabella e Amancio Prada. A zanfona ten unha historia de 1000 anos. 'Aparece' no século X en certos lugares do centro e sur oeste da Europa como un instrumento moi definido no contexto eclesiástico nun tempo no que a polifonía comeza a albiscarse. Espállase polo norte peninsular polo Camiño a Santiago e desde entón non deixa de existir, con máis ou menos popularidade, na nosa realidade sonora.

Recomendaría calquera gravación do repertorio histórico do barroco francés feita por Tobie Miller, intérprete canadense; tamén calquera disco de Valentín Clastrier para a zanfona máis contemporánea. E as gravacións de Faustino Santalices.

**NOSSOMOS:** Que persoas te acompañaron neste camiño e de que xeito influíron e axudaron?

**MAURO:** Son moitas e incontábeis. Principalmente miña nai e meu pai que me apoiaron sempre neste camiño que sigo a percorrer.

**NOSSOMOS:** Que cousas botaches en falta no teu proceso de aprendizaxe e que cousas pensas que tanto o resto de nós como as institucións podemos facer para axudar a aquelas persoas que hoxe queren crecer amodiño(5)?

**MAURO:** Botei en falta non ter estudado máis teoría musical nos meus anos mozos. Eu non comecei cedo no mundo da música, o que non é impedimento, pero si unha eiva para desenvolver potencialidades que sendo novo terían máis rápido de acadar.

**NOSSOMOS:** Din que aprendemos moito máis dos erros que dos éxitos e por iso gustaríanos que compartises connosco un erro, só un, que influíu en ti positivamente para o teu futuro desenvolvemento.

**MAURO:** non ter o meu instrumento en perfecto estado provocou que unha vez rachase no medio dun concerto e non puiden continuar tocando. Aprendín que o tempo investido antes dunha actuación, é máis importante que a actuación mesma para que esta teña sucedido. Non volvín cometer ese erro.

**NOSSOMOS:** Cales son os proxectos máis importantes da túa vida profesional e cales deles máis che cumpriron (quizais non coinciden, ou si...)?

**MAURO:** Calquera proxecto dos que desenvolvemos en aCentral Folque fai sentido na miña vida profesional, sexa como músico en palco, como produtor,

mestre ou soporte para que as actividades programadas sexan unha realidade.

**NOSSOMOS:** En que proxectos presentes e/ou futuros te centras e cal é o que máis che ilusiona?

**MAURO:** Facer o festival Zona da Zanfona para cumprirmos 20 anos, continuar algúns anos máis até consolidar o evento e que perviva sen estar eu á fronte.

**NOSSOMOS:** Pregunta en branco... Cóntanos o que queiras.

**MAURO:** A nova corporación municipal de Rianxo non quere apoiar a continuidade do Encontro Internacional Zona da Zanfona logo de 12 anos na vila onde temos traído os mellores músicos do mundo aprendermos e tocar en palco. Cun apoio económico pequeno cun retorno beneficioso na propia vila e na súa hostalaría, fixemos de Rianxo a referencia ibérica dun evento único arredor do instrumento. Así que marchamos de Rianxo para outro lugar deixando un traballo de máis dunha década de programación de alto nivel e moitas boas amizades aquí.


**M**oitas grazas Mauro por participar nesta sección e compartir un anaquiño da túa vida connosco. Mauro convídanos a escoitar o seguinte tema (*Pedras nas*

*Luces*), cheo de magnetismo e expresividade: <https://ffm.to/PedrasLuces>.



5 No sentido de medrar disfrutando daquelas cousas que consideramos importantes na nosa vida e dando valor e agarrando cada momento dese mesmo proceso de crecemento persoal.

# A Música das Palabras



## De sangre y nieve

Tarde y segura,  
que no al principio,  
mas en su tiempo;  
bien firme y pura.

Tarde y segura  
niña,  
tarde y segura  
con rocío de plata  
siembras la cuna.

Que nace libre;  
hija de Sol Naciente  
y Cuarto Creciente.

Que nace y hace  
del futuro destino,  
del pasado camino  
y del presente...  
Del presente regalo,  
que con su halo,

de sudor y trabajo,  
entre los dientes  
devora fruta  
de sangre y nieve.

De sangre y nieve,  
lloras y aprendes  
en voz firme alzarte;  
el puño combatiente  
transformando senderos,  
desafiando los cielos;  
que orgullo de clase  
tan sólo es prejuicio  
para los necios,  
que orgullo de clase  
tan sólo es perjuicio  
para sus dueños.

De sangre y nieve,

son tormentas de cambio  
 que este mundo en disputa  
 trae en su ventre;  
 y en nieve armada  
 lentejuelas de rojo  
 viste tu frente.

Ay mi niña,  
 nunca dejes  
 que el ogro  
 detenga el viento.

Ay mi niña,  
 pies de barro  
 sufre bajo su peso.

Ay mi niña,  
 baña en ríos de sangre  
 tu pensamiento.

Jesús Pérez, 20230209.

## Cambia o Tempo

O Sol alumea a paisaxe  
 e a vida comeza a espertar  
 o esquío da árbore sae  
 e a piña comeza a desgranar

A neve comezou a se derreter  
 e a primaveira fai o chamado.  
 os trebos comezan a florecer  
 e o oso sae do descanso.

Cambia o tempo  
 e ven tempo de cambio  
 mentres miramos ao ceo  
 comeza un novo ano.

Un ano de loita,  
 de esperanza e liberdade  
 e mentres o vento nos escoita  
 defenderemos a integridade.

A natureza érguese.  
 Érguete ti tamén.  
 Non hai máis que agardar.  
 Estamos todos en pé.

Nereida Pérez, 20230301.

## Onde o Corazón che poida levar

A choiva bate na fiestra  
 Coma o merlo pica na mazá.  
 E, mentres Eolo nos acena,  
 achégase o vendaval.

O vento non para de berrar  
 e a néboa cobre o camiño,  
 mais andando paseniño,  
 axiña hemos chegar.

Chegar a onde, meu merliño?  
Á cova máxica onde che hei agardar  
E onde é iso, meu meniño?  
Onde o corazón che poida levar.

Nereida Pérez, 20230301.

## Corazón Enchido

Corazón enchido.  
Latexa o meu corazón  
Para ver ao meu amado  
Ata perdo a razón.

Bolboretas de cores  
Remexen a miña ialma  
Ansío os teus beizos  
Mentres falo coa almofada.

Fátima Ordóñez, 20230403.

## Sueños de ángel

Sueña ángel mío.  
Sueña que la luna y el sol  
te abrazan con sus rayos  
cálidos.

Sueña ángel mío con praderas  
de lavanda y de trigo.  
Sueña ángel mío  
que las estrellas del cielo  
bajarán hasta tus manos  
y te darán besitos de algodón.  
Sueña, sueña ángel mío  
y en tus manos los sueños  
se harán realidad.  
Sueña, sueña ángel mío  
mientras mamá y papá  
están a tu lado.

Jesús Pérez, 20100525.

## Primero vinieron...

Cuando los nazis vinieron a llevarse a los comunistas,  
guardé silencio,  
ya que no era comunista,

Cuando encarcelaron a los socialdemócratas,  
guardé silencio,  
ya que no era socialdemócrata,

Cuando vinieron a buscar a los sindicalistas,  
no protesté,  
ya que no era sindicalista,

Cuando vinieron a llevarse a los judíos,  
no protesté,  
ya que no era judío,

Cuando vinieron a buscarme,  
no había nadie más que pudiera protestar.

Martin Niemöller (1892-1984).



# Non Estaba no teu libro mais... Libros, libros, libros, libros, más libros por favor...

## Redacción

Este artículo, que ya en su título parafrasea una canción de *Luis Eduardo Aute*, hecho este el cual no es traído aquí por mera casualidad, pretende comenzar un recorrido por la cultura en nuestro pueblo de *Rianxo*... y más allá. Muchas son las personas dedicadas a la cultura y, especialmente, al mundo de los libros. No en vano esta tierra ha parido tantos hijos dedicados no solamente a crear, sino también a difundir la obra que otros han creado. Desde la persona que escribe un libro, pasando por quien ayuda a su difusión ya sea compartiéndolos con otras personas en una biblioteca pública o en la biblioteca de un centro educativo, ya sea poniéndolos a la venta en una librería o ayudando a otras personas a amarlos en unas clases de literatura hasta quien, en un mundo amplia y ricamente plural como es el actual, se adentra en el estudio de nuestra(s) lengua(s) y nuestra(s) cultura(s) ayudando a que las mentes de las nuevas generaciones puedan disponer de una riqueza de, llamémoslo así, *amplio espectro*.

Todas estas personas, y por esta vez dejamos a aquellas dedicadas a la edición y publicación de los libros a un margen

reservándolos para otra ocasión, ayudan a que nuestra juventud *amueble* su mente; lo cual se nos antoja una labor tan importante que nos hemos decidido a incluirla en esta sección que para nosotros es tan especial. Y lo haremos en forma de entrevista para que sea *su voz y su palabra* lo que estas humildes páginas transmitan.

Comenzamos, pues, con una persona muy querida en nuestro *Instituto Félix Muriel* de Rianxo. Ella ha ayudado, sin duda alguna (de lo cual algunos miembros de esta redacción han podido ser testigos en primera línea), a tantos jóvenes a bucear en las raíces de sus lenguas, a enriquecer su vocabulario, a comprender de dónde provienen las palabras y su significado, y a ordenar nuestra mente analizando y traduciendo tantos y tantos textos. Y todo ello unido, fundido, aleado en el fuego de la pasión hacia la materia impartida y el amor por la educación. Hablamos de *Ana Isabel Rivas Barros* (*Ana Rivas*).

**NOSSOMOS:** Buenos días, Ana. Nos gustaría comenzar esta entrevista preguntando ¿qué es lo que te ha motivado para estudiar, profundizar e impartir dos lenguas calificadas como muertas como son el latín y el griego clásico? Y, unido a lo anterior, y si así lo consideras ¿en qué crees que el

estudio de estas lenguas puede enriquecer tanto nuestra vida cotidiana, esa de “andar por casa” para una sencilla comunicación interpersonal, como la creatividad, la amplitud de pensamiento y el criterio propio?

**ANA RIVAS:** En primer lugar, muchas gracias por esta amable y gratificante presentación.

No voy a entrar ahora en la consideración del calificativo de “muertas” con el que se alude siempre a las lenguas latina y griega antigua, por no caer en disquisiciones inútiles sobre tópicos más que manidos adquiridos tiempo ha.

Más que motivación, en mi caso hablo de hallazgo, de feliz hallazgo. Todos tenemos un talento que debemos descubrir y seguir. En mi caso, desde que tengo memoria, se hizo patente, incluso de manera inconsciente, la necesidad de encajar una realidad deseada y quizás ingenuamente esperada, con la realidad “de fuera”, la objetiva. Siempre he gozado de una gran imaginación, que como arma de doble filo, he procurado manejar con cautela. Pues bien, ha crecido y evolucionado conmigo y estas lenguas a las que, afortunadamente, entendí desde el principio, --me di cuenta de que mi pequeña parte de talento iba por ahí-- me ofrecieron la posibilidad de entrelazar ambos mundos el asible y el inasible, el material e ideal. Y si me sentí irremediabilmente atraída por los contenidos, (accedí al mundo heroico de Homero y Virgilio, el teatro de Eurípides, Sófocles, Esquilo y Aristófanes, la historia de Tucídides, Livio y Tácito, la poesía de Safo, Píndaro, Ovidio, Catulo, Horacio o Marcial, la oratoria de Demóstenes y Cicerón, la filosofía de Platón, Aristóteles, Séneca... Lucrecio, Plinio, y tantos otros gigantes en cuyos hombros seguimos apoyados), me rindió absolutamente la forma: la magia y la belleza del lenguaje, cuyas perfectas estructuras me han ayudado a estructurar mis días.

Las clases son para mí, la posibilidad de transmitir una filosofía del buen vivir, donde resulta cotidiana la intersección entre lo

deseado y lo cumplido, lo inopinado y lo evidente, la conciliación entre lo real y lo irreal.

Y a partir de aquí, todo es concebible de una manera amable. La percepción de lo íntimo y lo foráneo, la capacidad de relativización, la posibilidad de ver y valorar nuestra realidad de manera distinta. Ese helénico *μεδὴν ἄγαν*, “meden agan”, “nada en exceso”, o la *aurea mediocritas* latina, “el dorado equilibrio”, el captar la grandeza de lo sencillo o el *Si sapiis, ride*, “si eres sabio ríe”, esa apología insólita del saber reírse de nosotros mismos... ya son motivos suficientes de disfrute y, por si fuera poco, el mensaje contado se transmite de manera sublime, convincente y precisa. Mi principal objetivo, pues es ayudar a mis alumnos a descubrir que este mundo terrible y bello y la maravillosa lengua en que se ha dado a conocer nos explican el nuestro, convencidos, a pesar de todo, de la grandeza del ser humano.

**NOSSOMOS:** Nos gustaría que nos contaras en qué te ha enriquecido a ti, como docente y también como persona, la labor a la que has dedicado tu vida profesional todos estos años. Cuéntanos también alguna anécdota ilustrativa.

**ANA RIVAS:** Creo haber contestado anteriormente a esta cuestión, pero añadiré que me considero afortunada de dedicarme, es decir, *negotiare* (trabajar) y no *tripaliare* (de *tripalium*, tres palos, instrumento de tortura, cuya evolución desemboca en el término *trabajo*, emparentado, a veces, con la *tortura*) a mi gran pasión: enseñar lo que más me gusta. Y en este campo, el de la enseñanza, también he tenido suerte, al contar siempre con alumnos que han entendido y, sobre todo, disfrutado, con las Clásicas, hasta el punto de que después de casi cuarenta años me cuesta *tripalium* retirarme.

Es cierto que, algunas ocasiones, el cansancio provocado por la edad y las frustraciones propias del oficio de enseñante, parecen derrotarme, pero no logran vencerme.

Ahora, que estoy al final de mi carrera y a pesar de que no me gusta la deriva de la enseñanza, me gratifica mucho y conmueve comprobar, al ver a mis alumnos y ex alumnos, que todo ha valido la pena.

Y anécdotas tengo muchísimas, como cualquier profesor en mis condiciones: desde traducciones imposibles hasta comentarios interesantísimos y preguntas inteligentes. Recuerdo al alumno de Rianxo, en cuya traducción *César mandaba un fax a sus soldados*, cuando en realidad les proporcionaba una *falce*, un *cuchillo corvo*: *Caesar militibus falcem dabat* - falx, falcis - o el de Villalba que afirmaba que *César tuvo un primo loco en Cospeito (la aldea del muchacho)*, cuando lo que pretendía el general era asentar los campamentos en primer lugar.

El alumnado me enseña continuamente. Todos a los que he dado clase son conocedores de una frase que utilizo con frecuencia cuando me veo en la tesitura de contestar a preguntas disparatadas, por utilizar un eufemismo: *¿Y yo estudié las laringales para esto?* (las laringales son unos fonemas complicados del Indoeuropeo). Afortunadamente. Muchas veces, me he dado cuenta de que sí, de que necesité las laringales para contestar a preguntas realmente sesudas que se me han planteado.

**NOSSOMOS:** Ora sí, ora también, oímos sobre la necesidad de fomentar la ciencia en la educación y apreciamos cierto desdén, menosprecio e incluso visión de superioridad hacia los estudios de las asignaturas calificadas “de letras” [sic] cuando llevamos sobre sobre nuestras cabezas, y así lo demuestran numerosos estudios, la *espada de Damocles* del problema de la comprensión lectora y las dificultades expresivas y comunicativas que afectan incluso a asignaturas como matemáticas. Quisiéramos saber tu opinión sobre la división entre las ciencias y las letras, sobre cómo un aspecto de la contradicción puede enriquecer al otro y, desde tu experiencia y en tu opinión, cómo podemos cortar este *nudo gordiano*.

**ANA RIVAS:** Bueno, la división entre letras y ciencias, desde siempre implica rivalidad, y una rivalidad absurda alimentada por la creencia de que las matemáticas o la física son para inteligentes. Yo, que estudié EGB ya lo viví, aunque he de reconocer que la lengua, especialmente la sintaxis, era otro caballo de batalla. Hoy en día esto pervive y creo que se acrecienta, debido también al imperativo del cambio social, orientado fundamentalmente a la producción. La preeminencia de lo tecnológico es directamente proporcional a la escasa consideración de lo esencialmente humanístico, pero insisto, esto no es nuevo. Considero que una de las razones de esta dicotomía injusta pasa por la mala interpretación de los conceptos *útil/inútil*, *necesario/coyuntural*. Vivimos en un momento de cambios muy importantes en todos los aspectos. Pasamos por una pandemia que nos laceró, sacudiendo cimientos y poniendo en tela de juicio principios hasta entonces inamovibles y, además, demostró la necesidad de la tecnología, que tanto solucionó en momentos de gran zozobra y confusión. Pero estos cambios son también los lógicos y esperables en una sociedad quizás demasiado líquida, donde la inmediatez es la doctrina y la imagen vence definitivamente a la palabra, atentando contra la reflexión. En mi opinión, se tiende a preparar futuros agentes productivos, más que individuos cultivados, desde el punto de vista etimológico del término, cuando es absolutamente compatible una intersección. Esos gigantes, a los que tanto aludo y sobre cuyos hombros se puede otear el horizonte, son pensadores, creadores, egregios en todos los campos, con talento y dedicación: Einstein, el tan de moda Oppenheimer, Newton, Aristóteles, Cicerón, Cervantes, Fleming, Mozart, Schopenhauer, Goya, Safo, Da Vinci, Cézanne, Velázquez, Sabina, Callas..., en fin, “humanistas” que han contribuido a hacer de este mundo un lugar sin denostar a nada ni a nadie.

Pero volviendo a la cuestión que nos ocupa, creo que en ciertos ambientes, “el problema” no reside tanto en la alabanza a las ciencias como en el vituperio de las letras. Los planes de estudio contribuyen a esta situación y por ahí hay que empezar: no es de recibo que un alumno sea incapaz de interpretar un texto, ni expresarse correctamente, cuando existen medios para que esto no ocurra y éstos deben ser utilizados ya desde las “trincheras” donde yo habito y trabajo. Si bien es cierto que la educación debe responder a las necesidades y realidades de la sociedad, nada debe excluirse: todo es necesario, bello, coyuntural y útil. Son los pilares de la construcción de nuestro mundo, el humano. La máquina ayuda y mucho, pero es un “sirviente” mecánico, su creador, el hombre, es el obrero, el gestor, el científico, el escritor, el poeta, el pensador...

No es necesario cortar el nudo gordiano, como hizo el gran Alejandro, bastaría con saber de qué hilo tirar para deshacerlo y eso se consigue fácilmente con sólo querer observar: trabajando desde abajo, desde dentro, enseñando que “abrir los ojos” es difícil, porque requiere esfuerzo, estudio, reflexión y tiempo pero que el resultado merece la pena con creces: hombres y mujeres con pensamiento crítico, tolerantes y LIBRES, merecedores de habitar el mejor mundo que ellos mismos han creado.

**NOSSOMOS:** ¿Podrías decirnos cuáles son, en tu opinión, aquellas cosas de las que más necesitados estamos a nivel cultural en el momento actual?

**ANA RIVAS:** Parte de esta pregunta ya ha quedado contestada anteriormente. Pero, resumiendo, necesitamos: TIEMPO contra las prisas, SOSIEGO contra las urgencias, CURIOSIDAD por lo que fue, es y puede ser, PERSEVERANCIA ante la frustración, ENTUSIASMO en lo pequeño y en lo grande y DISFRUTE de la Naturaleza, que nunca traiciona.

**NOSSOMOS:** A lo largo de tu labor docente, cuéntanos un error, tan sólo uno, que, tras su comprensión, te haya permitido avanzar.

**ANA RIVAS:** Entre mis múltiples errores, creo que el que me ayudó de verdad a dilucidar de qué va esto de enseñar, fue el dar por sentado que el alumno estaba preparado y bien dispuesto como receptor. No se trata de un ente compacto y entusiasta: son chicos y chicas con sus individualidades a flor de piel, a los que hay que atender y entender. He comprobado que, salvo excepciones, son individuos deseosos de aprender si se les enseña, y conscientes de su talento si se les muestra. Después de tantos años, todavía sigo intentándolo y siempre recibo una respuesta que supera mis expectativas.

**NOSSOMOS:** ¿Eres optimista o pesimista sobre el futuro de la educación en España? ¿Por qué?

**ANA RIVAS:** Soy de naturaleza optimista, por carácter y por convicción. Creo firmemente en la ley del péndulo y estoy segura de que se establecerán nuevas bases, teniendo en cuenta aciertos y errores. Se trata de mejorar y no me cabe duda de que ese es el interés general. De hecho, últimamente el resurgimiento de las lenguas clásicas es una realidad. La prueba es que durante este curso mis alumnos se presentaron al Certamen de EuroClassica, una federación de asociaciones de profesores de lenguas y civilizaciones clásicas. Sin ánimo de lucro y con un representante por país como miembro asociado, tiene su sede en Luxemburgo y es neutra desde el punto de vista político, filosófico o religioso.

Además de la realización del EUROPEAN CERTIFICATE for CLASSICS (ECCL), promueve la cooperación europea para la promoción y defensa del estudio de las lenguas clásicas y sus civilizaciones, reivindica

la relevancia contemporánea del aprendizaje de lenguas clásicas y sus civilizaciones y la conveniencia y necesidad de su enseñanza.

Sus objetivos son, por tanto, pedagógicos, culturales y científicos, siempre relacionados con las lenguas y las civilizaciones clásicas de Grecia y Roma.

¡La cosa marcha...!

**NOSSOMOS:** ¿Podrías recomendar a las personas que nos leen tres lecturas y explicar las razones para esa elección?

**ANA RIVAS:** El Quijote, mi manual de vida, Iliada, mi manual de supervivencia, Novela policíaca (no novela negra) firmada por Mankel, Fred Vargas y Donna Leon.

**NOSSOMOS:** Como solemos hacer, la última pregunta la dejamos en blanco para que la persona entrevistada pueda expresarse en total libertad sobre aquellas cosas que considere importantes o necesario decir.

**ANA RIVAS:** Confío en que todas mis respuestas hayan sido suficientemente clarificadoras y considero un gesto de cortesía no insistir sobre el particular. Agradezco, una vez más la oportunidad brindada, para dar voz a reflexiones, pensamientos y opiniones fuera del aula, ¡que no es poco!

La siguiente persona que se acerca por nuestras páginas se trata de alguien especial, de esos profesores que dejan huella en sus alumnos, de esas personas que quedan en nuestro recuerdo y nos sirven de referencia (tal vez no ahora pero sí tras un más o menos largo proceso de maduración en el que aprendemos a valorar ciertas cosas). Sus gráficamente vívidas descripciones ilustraron tantas y tantas páginas de literatura en nuestra mente haciéndonos amar libros que ni siquiera

conocíamos previamente. Y todo ello, al igual que en el caso de nuestra anterior invitada unido, fundido, aleado en el fuego de la pasión hacia la materia impartida y el amor por la educación. Hablamos de Juan Rilo.

**NOSSOMOS:** Buenos días, Juan. Nos gustaría comenzar esta entrevista preguntando ¿qué es lo que te ha motivado para estudiar, profundizar e impartir una asignatura como Lengua Castellana y Literatura o Literatura Universal? Y, unido a lo anterior, y si así lo crees, ¿en qué crees que el estudio de estas asignaturas puede enriquecer tanto nuestra vida cotidiana, como la creatividad, la amplitud de pensamiento y el criterio propio?

**JUAN RILO:** Hola, Nereida, y muchas gracias por entrevistarme. Siempre me ha gustado la lectura y las historias, leerlas, oírlas y contarlas (pero no escribirlas), y creo que siempre he tenido un gen didáctico, así que no había muchas posibilidades: o profesor de lengua y literatura o profesor de historia. Al final, ya ves, ganó la literatura. Y en cuanto a la segunda parte de tu pregunta, ya casi lleva implícita mi respuesta: la literatura debe ser ocio, placer, emoción... Te da cultura, capacidad de expresión y de comprensión del mundo que te rodea. Pero, al igual que la cultura, no sé si te hace más feliz...

**NOSSOMOS:** ¿Cómo puede la literatura influir en el desarrollo intelectual de las nuevas generaciones?

**JUAN RILO:** Como dice Muñoz Molina, “la literatura es una ventana y es un espejo. Quiero decir: es necesaria”. Pues eso.

**NOSSOMOS:** Nos gustaría que nos contaras en qué te ha enriquecido a ti, como docente y también como persona, la labor a la que has dedicado tu vida profesional todos estos años. Cuéntanos también alguna anécdota ilustrativa.

**JUAN RILO:** No soy capaz de imaginarme haciendo otra cosa que no sea ser profesor. Me gusta enseñar. No sé qué tal lo haré, pero eso ya es en sí suficientemente enriquecedor. Que antiguos alumnos se acuerden de ti muchos años después, que te inviten a su graduación universitaria, que te pidan consejo cuando deciden preparar una oposición... En fin, yo creo que eso ya da sentido a una profesión.

**NOSSOMOS:** Ora sí, ora también, oímos sobre la necesidad de fomentar la ciencia en la educación y apreciamos cierto desdén, menosprecio e incluso visión de superioridad hacia los estudios de las asignaturas calificadas “de letras” [sic] cuando llevamos sobre sobre nuestras cabezas, y así lo demuestran numerosos estudios, la espada de Damocles del problema de la comprensión lectora y las dificultades expresivas y comunicativas que afectan incluso a asignaturas como matemáticas. Quisiéramos saber tu opinión sobre la división entre las ciencias y las letras, sobre cómo un aspecto de la contradicción puede enriquecer al otro y, desde tu experiencia y en tu opinión, cómo podemos cortar este nudo gordiano.

**JUAN RILO:** Sobre cómo cortar el nudo no tengo ni idea: creo que se me da mejor analizar que sacar conclusiones, en eso soy un desastre. Utilizando el trazo grueso, diría que las ciencias y la tecnología hacen la vida más fácil y cómoda, y que las letras le dan sentido. Nunca se me ocurriría renunciar a la medicina o a las ingenierías, pero tampoco a las humanidades. No tengo claro que un mundo no humano valga la pena. Al menos si eres humano.

**NOSSOMOS:** ¿Podrías decirnos cuáles son, en tu opinión, aquellas cosas de las que más necesitamos estamos a nivel cultural en el momento actual?

**JUAN RILO:** Creo que estamos necesitados de pausa. Creo que la pausa lleva a la reflexión. Y creo que sobra frivolidad. Pero probablemente esta respuesta también sea frívola...

**NOSSOMOS:** A lo largo de tu labor docente, cuéntanos un error, tan sólo uno, que, tras su comprensión, te haya permitido avanzar

**JUAN RILO:** Dice Sancho en *El Quijote* que, ante la duda, mejor hacer el bien que el mal. Haber sido extremadamente riguroso con alguna nota no tiene sentido. Pero eso lo he aprendido después de haberlo sido...

**NOSSOMOS:** ¿Eres optimista o pesimista sobre el futuro de cultura en España? ¿Por qué?

**JUAN RILO:** Según Leibniz, vivimos en el mejor de los mundos posibles. Así que habrá que ser optimista. Según Voltaire, Leibniz era un tarugo, así que habrá que currárselo... Prefiero ser optimista: se sufre menos.

**NOSSOMOS:** ¿Podrías recomendar a las personas que nos leen tres lecturas y explicar las razones para esa elección?

**JUAN RILO:** *Trazo de tiza*, de Miguel Anxo Prado, porque me gusta el cómic y este me parece una obra maestra (otros dos: *Arte* de Juanjo Sáez y *Watchmen* de Alan Moore); *El chico de la última fila*, de Juan Mayorga: una brillante obra de teatro sobre un profesor y su discípulo, aunque al final no se sabe cuál es cuál; cualquier libro de poesía, empezando por la *Fábula de Polifemo y Galatea* y acabando por Bukowsky, porque la buena poesía habla —y muy bien, claro— de la vida.

**NOSSOMOS:** Como solemos hacer, la última pregunta la dejamos en blanco para que la persona entrevistada pueda expresarse en total libertad sobre aquellas cosas que considere importantes o necesario decir.

**JUAN RILO:** Pues ya que me dejas, me gustaría negar ese tópico tan extendido en el mundo de la educación de que cualquier tiempo pasado fue mejor y también daros las gracias a alumnas como tú por hacer más fácil la profesión docente.

**P**ara la última entrevista de este artículo, hemos reservado a una de esas personas que, por motivos inversamente proporcionales al interés de nuestros bolsillos y directamente proporcionales a las necesidades de nuestra mente, alma, comprensión del mundo en que vivimos o como cada uno de nosotros subjetivamente lo sienta o desee sentirlo, son o casi son, un miembro más de nuestra familia. Y no es principalmente por ella misma que está aquí, que también, sino por *el papel que las personas como ella* juegan en nuestro pueblo. Porque a nuestro entender, y porque lo hemos conocido en la práctica lo reivindicamos, un librero no puede, no debe nunca ser simplemente un vendedor de libros. Un librero debe ser alguien mucho más cercano e íntimo; alguien capaz de captar las necesidades, los gustos e inquietudes intelectuales de quienes se le acercan. Labor esta llamada al más estrepitoso de los fracasos si esa persona que nos va a recomendar un libro no estuviese armada en igual medida con *dos recursos imprescindibles*. Por un lado un *fondo de armario* bibliográfico, cultural e histórico, un conocimiento del contexto social en que cada libro fue escrito que nunca es suficiente. Por otro lado *un conocimiento* de las diferentes editoriales, ediciones y sus prólogos, referencias bibliográficas, anotaciones al pie y a fin de documento, traducciones y sus particularidades, que está siempre en continuo cambio y evolución. Hablamos, de personas con las que perfectamente podríamos compartir horas y horas de nuestra vida tratando de... pues eso, de libros. Es así que le hemos propuesto a *Dolores Puerta Louro*,

participar en este artículo, a lo que ella amablemente ha accedido.

**NOSSOMOS:** Además de la cuestión meramente conceptual de tratarse de una colección de páginas escritas o impresas, unidas entre sí gracias al uso de algún medio que, a modo de bocata normalmente de papel, se colocan entre una portada y una contraportada más o menos duras, más o menos físicas oscilando su finalidad (no excluyente) entre la transmisión de ideas y contenidos con mayor o menor elevación artística, la creación de mundos en los que perdernos... o encontrarnos, etc, etc,... y los fines fardosamente decorativos en una, lo más grande a ser posible, estantería de dudoso uso... ¿Qué es para ti un libro?

**DOLORES PUERTA:** Para mí un libro es un objeto lleno de valor subjetivo y simbólico. Nos afectamos ante su presencia y más si lo tocamos y olemos. Cada libro es un trozo del Conocimiento, una parte de lo que sabemos como Humanidad.

**NOSSOMOS:** ¿Y un librero?

**DOLORES PUERTA:** Los libreros somos personas ávidas de conocimiento *de querer saber más*, vocacionales. Somos curiosos insaciables que no nos llega con tener libros sino que queremos que los demás conozcan los que a nosotros nos gustan o nos parecen imprescindibles. Por esto creamos universos, cada uno el suyo, en su librería.

**NOSSOMOS:** Solemos oír expresiones del tipo: “¡qué caros que están los libros!”. ¿Podrías explicarnos, lo más detalladamente posible, el papel que en nuestra sociedad actual juegan las editoriales, y todo ese trabajo (incluyendo traducciones), muchas veces no valorado suficientemente en nuestra opinión, que va desde el mismo momento de la presentación de

un original a la editorial y la puesta a la venta en una librería?

**DOLORES PUERTA:** En la red del libro desde el autor al cliente, hay muchos costes materiales y personales. Si sumamos todos y los dividimos para que cada cual lleve su parte, y además si es una edición sostenible, de editoras pequeñas del país, salario justo, profesionales... Hay que hacer muchas filigranas para que cuadren los números y vender muchos ejemplares en el menor tiempo posible.

**NOSSOMOS:** De unos años para acá, se ha incrementado la autoedición de libros. Nos gustaría profundizar en este hecho. ¿A qué crees que es debido? ¿Qué cosas, tanto positivas como negativas podría traernos? Y ¿Cuáles pesan más en tu opinión?

**DOLORES PUERTA:** Es clara la dificultad que tienen los escritores de encontrar editoriales que les escuchen, que quieran leer sus obras y editarlas. Y ya no hablemos de los años que a veces transcurren hasta recibir una respuesta. Hoy contamos con una tecnología que permite imprimir a demanda y donde el coste no es excesivo. Ver editado tu obra es un deseo al alcance. De esta forma todas las personas que lo deseen pueden autoeditarse sin pasar por unos filtros profesionales que valoren el texto. Aquí sí que es necesario buscar y seleccionar.

**NOSSOMOS:** Algunos de los miembros de esta redacción hemos podido disfrutar del gozo de llegar a librerías, algunas clasificadas de libro antiguo, preguntar por un título determinado a la persona a cargo, recibir una contestación siempre muy similar a “búscalo por ahí” que en nuestra mente se transformaba en música celestial y nos proporcionaba la sensación de recibir las llaves de la cámara del tesoro de un imaginario reino. Cuántas horas disfrutadas en las que lo más importante

dejaba, por regla general, de ser el título original perseguido, para pasar a ser todo aquello que, en el camino, descubríamos y aprendíamos. La pregunta es, ¿qué es hoy en día, qué necesita nuestra sociedad que sea y qué podría llegar a ser, una librería?

**DOLORES PUERTA:** Una librería con alma, no como almacén de *todo vale* (que incluso también podríamos sacar beneficio) es un lugar donde podemos encontrarnos con nuestro ser más íntimo. La atmósfera que generan los libros son estímulo para despertar en cada uno de nosotros las ganas de Conocimiento. Esta es una aspiración muy digna del ser Humano. Las librerías son reductos de la memoria colectiva. Por esto fueron desde siempre tan peligrosas y perseguidas. Actualmente se alimentan y son receptáculo de eventos culturales, encuentros entre los más diversos intereses culturales, talleres para el aprendizaje, etc y poder tomarse un café tranquilamente entre libros.

**NOSSOMOS:** ¿Hacia dónde crees que caminan las preferencias y las demandas culturales en nuestra sociedad actual? ¿Qué publicaciones se buscan más?

**DOLORES PUERTA:** Lo que se edita es reflejo de la sociedad en la que vivimos. Las grandes editoriales buscan editar los libros más comerciales. Por ello surgen cada vez más editoriales independientes, pequeñas, que editan aquello en lo que creen. Y así como es nuestra sociedad, así es el mundo editorial, de los grandes y de los pequeños.

**NOSSOMOS:** ¿Has podido disfrutar la sensación de sentirte colaboradora de algún trabajo de investigación o de ficción de alguna de las personas que vienen a la librería? ¿Podrías contarnos alguna anécdota positiva?

**DOLORES PUERTA:** Es una experiencia muy gratificante ser partícipe de animar a escribir, ser lectora de lo que todavía es un



borrador y ver un día publicado lo escrito, en papel con ISBN. Me alegra el alma.

También recuerdo a una niña de nueve años que nos pidió pasar tardes en la librería, porque quería ser librera. Y llegaba con cuaderno, boli y tomaba notas... Y preguntaba y le enseñábamos, subía y bajaba por las estanterías. Lo más penoso es que temía que si se lo contaba a sus amigas podrían reírse de ella. Lo que sentía era algo muy raro, nos decía, tenía que esconderlo. ¡Ojalá encuentre adultos y compañeros de camino que le ayuden a cumplir su deseo!

**NOSSOMOS:** Ora sí, ora también, nos llegan frases sobre las ventajas de la Inteligencia Artificial e incluso ya la publicidad de ciertos famosos procesadores de texto utiliza como reclamo lo fácil que va a ser todo a partir de ahora que... Nosotros como amantes de la música conocemos las diferencias entre una caja de ritmos y una batería, por ejemplo. Pero nos gustaría conocer tu opinión sobre el uso de estas nuevas herramientas, para qué nos pueden ser útiles y para qué no, y las perspectivas de futuro que se presentan ante nosotros.

**DOLORES PUERTA:** Son herramientas que van a ser difíciles de manejar, porque es fácil que nos manejen a nosotros y así vayamos perdiendo terreno de dominio sobre ellas. Implantar en lo humano la tecnología con un uso beneficioso para la humanidad siempre es bueno. El abuso, el desconocimiento, la pérdida del miedo ante ellas, relativizar sus peligros nos pueden llevar a ir perdiéndonos en el abismo del vacío existencial. El libro está inmerso en esta tendencia. En el equilibrio está la clave. Si se utiliza para aliviar limitaciones y facilitar la escritura y la lectura bienvenida sea.

**NOSSOMOS:** ¿Podrías decirnos cuáles son, en tu opinión, aquellas cosas de las que más necesitamos estamos a nivel cultural en el momento actual?

**DOLORES PUERTA:** Necesitamos redes de encuentro, de conexión real, de diálogo para crecer en la diversidad. Porque cada uno formamos una parte del todo y nos necesitamos como el pan y el agua. Es urgente poner al servicio los dones que cada uno tiene, con generosidad.

**NOSSOMOS:** A lo largo de tu labor, cuéntanos un error, tan sólo uno, que, tras su comprensión, te haya permitido avanzar.

**DOLORES PUERTA:** Cuando abrí la librería pensaba que lo tenía que saber todo, abarcar todos los temas... Cuando me di cuenta que podía decir *no lo sé pero puedo preguntar*, me liberó del deseo de ser Dios.

**NOSSOMOS:** ¿Eres optimista o pesimista sobre el futuro de la cultura en España y, en concreto en nuestro municipio? ¿Por qué?

**DOLORES PUERTA:** Sin cultura nos morimos. El futuro está en que sigamos haciendo música, escribiendo, pintando, actuando, cantando... Este es el reto que como personas tenemos, cada uno es responsable de aportar su saber y llevar adelante su creación.

**NOSSOMOS:** ¿Podrías recomendar a las personas que nos leen tres lecturas y explicar las razones para esa elección?

**DOLORES PUERTA:** *El hombre en busca de sentido*; Viktor Frankl. Da la clave del por qué vivir es un arte. Explica desde la propia experiencia del autor cómo ante las dificultades unas personas son fuertes y las afrontan, otras se hunden psicológicamente y enferman.

*La muerte: un amanecer*; Elisabeth Kubler Ross. Para afrontar la vida es imprescindible afrontar la muerte. Vivimos en una sociedad que huye de ella. La autora nos da la visión de que la muerte es un paso que forma parte de nuestra vida.

*Mujeres que corren con los lobos*; Clarissa Pinkola Estés. En este libro vemos el valor de los mitos interculturales, los cuentos de hadas y tantas historias que ayudan a despertar el espíritu y cómo son la medicina del alma desde tiempos inmemoriales. Es una obra profundamente espiritual.

**NOSSOMOS:** Como solemos hacer, la última pregunta la dejamos en blanco para que la persona entrevistada pueda expresarse en total libertad sobre aquellas cosas que considere importantes o necesario decir.

**DOLORES PUERTA:** Muchas gracias a los que fomentáis este tipo de reflexiones. Para mí es siempre un regalo y me anima a encontrarnos y a dialogar sobre *las cosas de la vida, que son las cosas que nos importan*. Un placer compartido es doblemente un placer y va creando lazos que nos hacen ser mejores personas.

Es nuestra responsabilidad cuidar de las librerías y sentir que son nuestro patrimonio. Tenemos un reto como sociedad y es seguir avanzando en el Conocimiento, ponerlo en papel para poder ser transmitido como un Legado.

**E**stamos seguros que aquellas personas que han leído este artículo han disfrutado con él tanto como nosotros disfrutamos al plantearlo y diseñarlo; tanto como aquellas otras que aceptaron nuestras preguntas disfrutaron contestándolas. Porque, de hecho, *hay tanto, y tanto más no dicho, que decir*. Siempre ha sido esta sección de la revista un tiempo para acercarnos a aquellas cosas que *no estaban en nuestros libros*, que no estaban en nuestra mente porque simplemente nos son ajenas. Y nos son ajenas porque, ya sea

que se nos oculten de manera deliberada o simplemente se hundan bajo una montaña de otras cosas, *no nos es posible acceder a ellas. Y nos son esas cosas tan ajenas (sic)* de tal forma que al rasgar mínimamente el velo que las oculta, en los albores de vislumbrarlas, nos comenzamos a pecar, someramente en un principio, de la importancia que tienen... *para nosotros*. Y esta es la que viene siendo la principal labor de esta sección precisamente: un espacio para la reflexión, un espacio para acercarnos, un poco más... *a nosotros mismos*.

Requieren estos tiempos de pregonada libertad de expresión de un gran valor para simplemente opinar, expresarse. Aparente paradoja que precisa para su resolución de la necesaria dosis de autocensura en la que las clases dominantes y sus representantes nos intentan enjaular o, mejor dicho, autoenjaular.

Muchas gracias, pues, a Ana Rivas, a Juan Rilo y a Dolores Puerta por el cariño y dedicación invertidos en la entrevista. Y muchas gracias en no menor grado por el valor derrochado en unas respuestas tan sinceras.



# A Historia da Escola de Música de Rianxo e a Banda da Escola de Música de Rianxo a través da visión dos seus presidentes.

## Redacción

No verán do 23, celebrabamos o 20 aniversario da Escola de Música de Rianxo. Ao longo destes anos anos tanto a EMR mesma como a Banda da Escola de Música de Rianxo experimentaron numerosos cambios ata chegar ao que hoxe en día son. Non é a nosa pretensión relatar o proceso que ata aquí nos trouxo senón que algunhas persoas que participaron nel, nos acheguen a súa experiencia pois pensamos que en lugar dun relato máis ou menos cronolóxico, máis ou menos emotivo, máis ou menos realista, máis ou menos épico, necesitamos obter unha visión global, visión que nos axude na comprensión de por que nace un proxecto, como comeza a andar e a medrar, que dificultades vai atopando no camiño e como as aborda e que retos futuros xorden en cada momento do percorrido e hoxe en día. Para iso, que ferramenta mellor que os ollos de quen presidiu a escola? Por tanto, nesta ocasión queremos que sexan esas persoas quen nos enriquezan co relato dunha práctica que podería ser útil para todos nós. Para iso contamos coa xenerosa colaboración de *Ramón Pérez, Tobías Betanzos, Rafael Varela e Eduardo Mosconi* (a quen reservamos para un próximo número).

**R**amón Pérez (Moncho) foi o primeiro presidente da EMR e, por iso, a el vai dirixida a nosa primeira pregunta.

**NOSSOMOS:** Moncho, o teu período na presidencia abarca desde 2002 ata 2005. Cal, cales foron as necesidades que levaron a expor a creación do proxecto da EMR? Pensouse primeiro na creación da banda ou na creación da Escola?

**RAMÓN PÉREZ:** Bueno, en aquel momento xa estaba a Banda de Rianxo e cando a colleu Rafa viamos a necesidade de crear a escola, para que a banda se puidera alimentar dos alumnos.

Despois, a Banda xa pasou a ser una asignatura da escola

**NOSSOMOS:** Que primeiros pasos se deron, que dificultades se enfrontaron nese momento inicial e como se abordaron? Cóntanos tamén algunha anécdota.

**RAMÓN PÉREZ:** Primeiro creamos a asociación, sobre a cal se iba a sustentar todo. E despois, pois paso a paso. Empezamos dando clases en Asados e Rianxo, e os profesores,

maiormente eran músicos que xa conocíamos de tocar con eles.

En canto as anécdotas... Recordo as primeiras assembleas, que se xuntaban moitos pais e nais, e tiñamos que explicar diante de todos o proxecto da Escola, e que confiaran en nós.

**NOSSOMOS:** Con que axuda contastes e en que momento, fronte a que feitos, comezástedes a sentir que o proxecto xa avanzaba con firmeza?

**RAMÓN PÉREZ:** Tiñamos e temos a disposición do Concello en canto os espazos, aparte dos acordos ós que chegamos.

Tamén había pais e nais dos alumnos da escola que nos apoiaban no que se podía.

Especialmente Antón Alcalde, que nos axudaba sempre, e encargabase de levar o material as actuacións.

Pero bueno, a maior axuda que tivemos (e temos) foi de Rafa, que sigue traballando como o primeiro día.

Pouco a pouco viamos que o alumnado iba a máis. A Banda funcionaba, así que xa viamos que iba polo bo camiño

**NOSSOMOS:** Todos, ao longo da nosa práctica, cometemos erros e, de feito, é destes dos que máis aprendemos. Dinos un erro, tan só un, cometido que, trala súa comprensión, fixovos dar un paso adiante.

**RAMÓN PÉREZ:** Erros seguro que houbo moitos, pero bueno, aprendes deles e segues. E mellor pensar nos acertos, que son os que dan ganas de seguir.

**NOSSOMOS:** Que cuestións resaltarías do período en que fuches presidente e que principais retos se expuñan ao final del?

**RAMÓN PÉREZ:** A ver, non hai nada especial, só intentamos dar forma a una idea que tiñamos, e na que creemos. Xa cando eu deixei, foi

porque a escola iba medrando, e era necesario alguén con máis experiencia. Aínda sigo vinculado a Directiva, e espero que poda seguir aínda algúns anos máis.

**T**obías Betanzos, foi o seguinte presidente, abarcando o período de 2005 ata 2006.

**NOSSOMOS:** Ante que necesidades ou retos se atopaba a EMR e como se foron abordando?

**TOBÍAS BETANZOS:** O reto principal para min era asumir a responsabilidade de representar a unha asociación con tanto significado para Rianxo.

Naquela altura, a Escola de Música de Rianxo xa era unha referencia non só de bo facer no eido musical senón tamén de traballo educativo, con todo o que elo implica, socialización, actividade das familias, relación con outras entidades formativas, centros educativos, escolas de música, conservatorios...

Cando fun proposto, o principal que sentín foi unha grande responsabilidade ante a tarefa que asumía.

Tiña coma labor principal continuar o traballo dun dos músicos fundadores da Escola, Ramón Pérez, que dende a Presidencia da Escola, coa súa comprensión e apertura, tiña contribuído a poñer á Escola de Música nuns niveles tan altos de formación educativa e de calidade artística.

**NOSSOMOS:** Cales foron os principais pasos e logros que se deron durante ese período e como os fíchedes abordando? Cóntanos algunha anécdota.

**TOBÍAS BETANZOS:** Bon, o reto principal era manter o nivel de traballo e calidade dos servizos que prestaba a Escola de Música.

Era moi importante manter as boas expectativas das familias e para elo facíase

necesario traballar en moitos eidos: mellorar a axuda do concello, tanto a económica como a prestación de locais, mellorar a calidade educativa, docencia, comunicación coas familias e manter e mellorar a visibilidade da Escola, da súa actividade e dos seus resultados.

Era moi importante ademais que se mantivera e respectara a autonomía da Escola de Música, que a actividade e a vida da Escola non dependese da vontade de persoas e vontades alleas á propia entidade educativa.

Máis ca anécdotas lembro momentos especialmente alegres e intensos, nos que a Escola toda vibraba e dalgunha maneira o ritmo todo se aceleraba: a participación nos certames de música e os premios, as excursións a Portugal, a Valencia, a Valladolid, a colaboración coa Fundación Manuel María, por suposto tamén os campamentos de Musigalizando.

A Escola tamén se emocionaba cos éxitos persoais de membros da Escola que proseguían e continuaban a súa formación en Conservatorios profesionais e Conservatorios superiores.

Especial era a relación da Escola co alumno Antón Alcalde pola súa labor coma compositor recoñecido e premiado.

Tamén podemos describila coma anécdota fermosa e bonita o conxunto de actividades e reunións que levaron á redacción do Regulamento de Réxime Interno da Escola de Música. Foi unha actividade meritória e importante porque o proceso de debate se abriu á asemblea de alumnos e alumnas, que participaron coas súas propostas e suxestión. O importante aquí foi sobre todo a reflexión dos alumnos e alumnas sobre o principio de que a Escola de Música pertencía a todos e a todas, e por elo tamén o benestar que nela se puidera conseguir. Traballar o respecto entre eles e elas, a responsabilidade no coidado dos materiais, a puntualidade, a colaboración.

NOSSOMOS: Todos, ao longo da nosa práctica, cometemos erros e, de feito, é destes dos que máis aprendemos. Dinos un erro, tan só

un, cometido que, trala súa comprensión, fíxovos dar un paso adiante.

TOBÍAS BETANZOS: Ao longo dun período longo exercendo a responsabilidade de representar á Escola de Música, daste conta que hai cousas que se deberon realizar ou resolver quizais mellor.

De todas formas, as decisións principais nos eidos formativos, e de xestión da Escola eran tomadas de forma colectiva dentro da Xunta Directiva e da Asemblea da Escola. Nas reunións da Xunta Directiva debatíase moito, valorábanse moito as decisións, os seus pros e contras, polo que eu penso que en xeral as decisións foron axeitadas e sempre no camiño de mellorar a Escola.

Non tanto coma erro senón coma situación que creou un debate importante na Xunta Directiva cito a necesidade de profesionalizar a relación laboral do profesorado coa Escola de Música. Este proceso orixinou un debate moi importante, pois afectaba aos ámbitos económicos, contractuais pero tamén á propia dinámica docente.

Penso que a solución final que se adoptou de camiñar na profesionalización das relacións laborais foi positiva e boa, para a Escola e para o propio profesorado.

NOSSOMOS: Que balance fas dese período e cales foron os principais retos que quedaron ao final del?

TOBÍAS BETANZOS: O balance que fago dende logo é positivo, e non coma mérito persoal senón coma consecuencia da dinámica dunha entidade formativa que xurdiu e foi capaz de manterse cuns obxectivos educativos moi claros e cunhas metodoloxías de traballo fundamentadas na participación e nas prácticas democráticas.

Penso que dunha maneira e doutra todos e todas temos contribuído ao éxito da Escola: as familias, os alumnos e alumnas, o

profesorado, as xuntas directivas, pero eu penso que todo isto se asentaba e apoiou na labor clara, esforzada e intelixente do director da Escola, Rafael Collazo. El aportaba e aporta o que podemos chamar horizontes aos que a Escola de Música debe mirar. El era capaz de ver e expoñer os obxectivos a medio e longo prazo, as necesidades para acadalos, as decisións e estratexias mellores.

**R**afael Varela acompáñanos como o seguinte presidente, abarcando o período de 2006 ata 2011, aprox.

**NOSSOMOS:** Ante que necesidades ou retos atopábase a EMR e como se foron abordando?

**RAFAEL VARELA:** Foi un período de continuidade do xa iniciado por outras directivas, tanto na escola como na formación da banda. Tiñamos novas instalacións para empregar como o auditorio, inicio do certamen de bandas, elaboración de estatutos da asociación (comezamos a cobrar unha cuota anual por socio), proxectos con outras bandas como “musigalizando”, desenvolvemento de proxectos para a Federación Galega, diseño de solicitudes nas incipientes subvencións...

**NOSSOMOS:** Cales foron os principais pasos e logros que se deron durante ese período e como os fíchedes abordando? Cóntanos algunha anécdota.

**RAFAEL VARELA:** Período de consolidación e aumento da participación social nos proxectos da Banda... Penso.

Reunións cos concelleir@s de cultura e alcalde malia que, nesa época, disfrutamos dunha gran sensibilidade dos políticos para todos os proxectos presentados e principalmente, uso de instalacións como o novo auditorio.

Recordo que no 2008, fora ó cuartel vello cun amigo a ensinarlle o ensaio dos rapaces. Tocaban “Goddess of fire” do Reineke (peza que

obtivo o primeiro premio no Certame Galego dese ano). Quedou encantado pero tiña un pero... -están moi apretados- dixo. Ese mesmo día, despois de falar con Rafael, mandei un e-mail a Pedro o alcalde, para ver posibilidades de usar o Auditorio como local de ensaio. A contestación non puido ser máis rápida, ofrecendo todo o que necesitásemos para o ensaio da banda e, por suposto, o emprego do Auditorio (todo foron facilidades administrativas para conseguilo).

O primeiro premio acadado no Certame Galego do 2008, tivo unha repercusión social moi grande no municipio. A escola incrementou o n.º de matrículas substancialmente. Antón Alcalde acadaba o primeiro premio de composición coa sinfonía Marea Negra con tan só 18 anos (creo que aínda non os tiña).

Grabouse o primeiro CD con unha media de idade na banda de 17 anos.

**NOSSOMOS:** Todos, ao longo da nosa práctica, cometemos erros e, de feito, é destes dos que máis aprendemos. Dinos un erro, tan só un, cometido que, trala súa comprensión, fíxovos dar un paso adiante.

**RAFAEL VARELA:** Non conseguir encher o local de veciños nas assembleas ordinarias da asociación. O futuro da escola e da banda, depende do apoio da veciñanza. Sen este apoio e colaboración, a escola non ten futuro.

**NOSSOMOS:** Que balance fas dese período e cales foron os principais retos que quedaron ao final del?

**RAFAEL VARELA:** Creo que a historia da escola e da banda dende os seus comezos, foi, é e será, unha continua transformación. En iniciativas deste tipo, o obxectivo primordial é manter viva a tradición das bandas populares empregando as sinerxias que en cada período, poidan xurdir. Neste tipo de proxectos, os

obxectivos a longo prazo non soen ser efectivos... penso.

**NOSSOMOS:** Nas nosas entrevistas adoitamos deixar un espazo para que a persoa ou persoas entrevistadas poidan expresar aquilo que non puidesen expresar previamente e non ía ser menos nesta ocasión.

**RAFAEL VARELA:** O importante é poder manter este “servizo público local”. Que a xuventude Rianxeira poida iniciarse dun xeito tan cercano na cultura musical, é un luxo.


Quizais Rianxo sexa un dos concellos con máis músicos por metro cadrado. Esa fortuna débese, en gran parte, á Escola de Música de Rianxo.

**TOBIAS BETANZOS:** Eu solo podo expresar que para min foi un privilexio, ter sido presidente desta institución que é a Escola de Música de Rianxo, encheume de satisfacción, de alegrías, de momentos moi fermosos e felices, e tamén me aportou moitas aprendizaxes. É para min unha honra unir o meu nome ao da Escola de Música de Rianxo, ao dos seus presidentes Ramón, Rafael e Eduardo e ao do seu Director Rafael Collazo.

Pola miña parte despido esta entrevista desexando que a Escola de Música de Rianxo siga a ser un referente de educación artística e humana, para os nenos e nenas, para a adolescencia e a mocidade de Rianxo e á vez ese espazo seguro de formación e socialización que procuran todas as familias para seus fillos e fillas, e estou certo que nese camiño traballa a actual Xunta Directiva con Eduardo á fronte.

**RAMÓN PÉREZ:** Aínda que a parte máis visible da Escola é a banda, temos que valorar todo o traballo que hai detrás, que é a Escola en si mesma. Dende aquí animo á colaboración de todos, para que podamos seguir así moitos anos máis.

**A**gradecemos profundamente tanto a Ramón Pérez como a Tobías Betanzos e a Rafael Varela a súa participación nesta entrevista. Participación que, na nosa opinión, achega elementos moi interesantes para obter unha visión global do proceso. Visión neste caso pertencente a unhas persoas



# Un paseo polas raíces da música... Río de Anxo.

## Unha entrevista a Ángel Collazo.

### Redacción

Neste número no cal quixemos prestar atención á música tradicional, non podiamos deixar pasar a oportunidade de traer ante aquelas persoas que nos len, a un membro da Xunta Directiva da EMR e ademais unha peza crave na nosa Banda da Escola de Música de Rianxo quen, despois de gañarse os garavanzos co seu traballo, atopa tempo para as actividades da BEMR e ademais (entre outras cousas), e por iso está aquí, dirixe un grupo musical de música tradicional. Falamos de Ángel Collazo, un bo compañeiro o cal sempre nos achegou cousas positivas.

**NOSSOMOS:** Ángel, cando e respondendo a qué necesidades xorde a idea de formar o grupo Río de Anxo?

**ÁNGEL COLLAZO:** Necesidades foron as seguintes: Nós saímos da banda de gaitas do Centro Cultural Simón Varela, de Asados. Necesidades, como todas as asociacións. Ten altos e baixos. Nese momento a asociación desapareceu. Nós xa saíramos antes, pero foron unhas ganas de reparar esta equivocación que temos cando somos xóvenes de “Deixo esto, non me interesa.” Pero de repente algo che está tirando para atrás e dicindo “Retoma esto, que é algo que che gusta”. Como ir á banda. Eu volvíñ á banda porque eu vexo á banda e

póñense os pelos de punta, gústame. Xurdeu da necesidade de dicir: “Estamos sen nada” e quixemos volver a retomar. Todo o mundo dicía que si, mais cando empezamos co primeiro ensaio resulta que estábamos os que hoxe somos Río de Anxo. Algún máis que despois deixou pero eran esas persoas. José Somoza, que é o pai dunha compañeira da banda, dixo: “Máis vale ser poucos e ben feitos que moitos e malos”. Entón nós decidimos volver a comezar e xuntámonos así. Máis ou menos polo ano 1991 ou 1992 xa tocábamos pero aínda non tiñamos un nome de grupo definido. Queríamos poñerlle un nome pero nunca saíra ata que un día tocando en Almería fixemos unha presentación e tocamos as *Danzas das Amas de Casa de Boiro*. O presentador empezou a dicir “Acompañados por el grupo...” O profesor de gaita máis eu íbamos a tocar a xota Río de Anxo e dixemos “Río de Anxo”. Así quedou. O retomar foron os altos e baixos que sufren as asociacións. De estar, baixar e desaparecer queda aquel rescoldo. Empezáronnos a chamar dun lugar e doutro para facer colaboracións con grupos de danza, nós enganchámonos e dende eso non volvemos a parar.

**NOSSOMOS:** Cántanos algo dos obxectivos de Río de Anxo, cantos membros compoñeno, cada canto tempo reunídesvos, como vos organizades para coordinar actuacións,



loxística, e que criterios seguides ao elixir os temas para tocar.

**ÁNGEL COLLAZO:** Sobre a primeira pregunta de cómo nos organizamos para facer o traballo, para ensaiar, facer actuacións etc... Todos somos traballadores. Grazas ás redes hoxe en día podemos poñer “Estanme pedindo unha actuación para este día”. O primeiro que fai é dicir quen pode e quen non pode. Cando baixamos dun mínimo de personal para facer a actuación dicimos que non automaticamente. Ou que che empecen a contestar nas redes “Eu podo”, “Eu non podo”, e se hai xente suficiente dase o presuposto e despois faise a actuación. Todos somos traballadores, se todos din que si facémola cando podemos. A maioría das actuacións levámolas sempre ao fin de semana. Pola semana é raro que poidamos ir a algunha. Podemos facelo se nos coincide ben a todos, pero é raro. Ensaíamos tódolos venres, temos posto ese día. O único que pode variar é se empezan a dicir que non poden, porque para ensaiar con mínimos mellor ir outro día. Mais témolos estipulados todos os Venres. Co tema das pezas, sempre tratamos de poñer pezas que sexan alegres. Que che dean festa. Sempre hai algunha peza máis señorial, de interpretación ou así, ver un grupo que está tocando algo diferente. Mais o noso grupo vai orientado a facer festa, cantar... Pezas movidas, pasodobres, xotas, muiñeiras... Todo o que sexa festa. Según sexa a actuación, tamén vas vendo o que hai no campo da festa.

**NOSSOMOS:** Ao longo da vida do grupo musical, crees que se foron cumprindo os obxectivos marcados na súa formación?, descubristes novos obxectivos durante ese camiñar?, e que obxectivos aínda non conseguidos ou en proceso gustaríavos desenvolver máis no futuro?

**ÁNGEL COLLAZO:** Si, eu creo que se cumpliu. O noso obxectivo era disfrutar tocando. Sempre foi un concepto que tiña o

noso profesor, que había que disfrutar tocando. Decía que había que ser un gaiteiro ben vestido tradicionalmente, e ben afinado. Nós fomos pouco a pouco, pasiño a pasiño e sempre fomos identificados como “Os alumnos de José Romero”. Nós moi orgullosos de ser os seus alumnos. Todo o mundo que nos oe di que él nos marcou co seu estilo, coa súa forma de tocar, e impregnounola a nós. Metéunola *a fuego*. E a xente que nos escoita pensa “Este grupo é distinto”. Ten outra sonoridade, outro timbre... É outra forma. É unha cousa parecida (non igual, porque él era único) a o que facía o noso profesor. E si, os obxectivos cumpríronse con creces, viaxamos por moitos sitios que non tiñamos pensado, fomos a actuacións que nunca nos imaxináramos estando alí... Tocamos cando foi aquilo de “Nunca Máis!” do Prestige na praza do Obradoiro, naquela praza chea de xente... En definitiva cumpríuse, si. De todas formas, para acadar ese éxito, ese ambiente festivo e alegre, tamén axuda a xente cando está de festa. Nós podemos transmitir alegría, pero se a xente non colabora... Por moito que un se empeñe en dar, se non hai de abaixo para arriba eso, a nós tamén nos apaga un pouco, pero bueno, se non triunfamos hoxe será outro día. Nós imos facer a nosa festa e a nosa actuación. Nós o que tratamos é de comunicar sensacións, e se a xente di que o percibe, para nós é unha satisfacción. Cando nunha actuación ves a alguén que está a mover o pé pensas “Estalle gustando”, ou ves a un que está bailando ou a outro que che está sinalando, iso estache dicindo algo.

Sobre os novos obxectivos e cousas que fomos descubriendo, Nós éramos un grupo totalmente tradicional, só percusión e gaita. Abrimos o campo despois a un compañeiro que estaba estudando acordeón. Introducímolo entón, ademais que xa había ese instrumento noutros grupos como o dos *Rosales*. E despois, ampliamos a cantar, xa que antes eran actuacións só de música e víamos que faltaba algo, que á xente lle aburría tanta gaita. Entón démonos conta de que había que cambiar algo,

facer algo distinto. E vemos que, por facer iso, outros grupos se sumaron a iso. Por exemplo, tamén no tema da vestimenta. A min e máis aos meus compañeiros sempre nos dixeron que íamos impolutos. E agora estamos vendo que outros grupos o están facendo tamén. Entón, pensamos que algo estamos deixando de pegada, que algo estamos facendo ben. Antes era todo totalmente gaita, musical, tocar, despois introducimos o acordeón, outro tipo de instrumentos, tocamos pezas con frautas, peitoques... Pero no que máis nos metemos foi no tema de poder cantar. Transmitir cantando e facer temas, arranxar temas para que quedaran ben para nós para poder cantalos ben e que á xente lle gustara. O importante non é engadir instrumentos polo feito de facelo, teñen que transmitir. Por exemplo, cando ves nun grupo cincuenta pandereteiras e todas cantando á vez. Nadie lles pode decir que en vez de que sexan cincuenta pandereteiras sexan vinte ou dez e o resto que cante? Que non asoballe. Porque Moitas veces pérdese a tradición porque non estás entendendo o que se di. Moitas veces sénteste forzado a meter instrumentos porque non queres deixar a ninguén atrás, sobre todo se é unha asociación. Por exemplo, o grupo *Fuxan os Ventos*, con que poucos recursos se contaba nesa época, e que ben saíron! Que nivel, eran mestres. Con aquelas voces, poñíanche os pelos de punta. Hai moitos grupos e cando un grupo resalta e empeza a subir de repente estáncase, porque hai moi pouco apoio realmente e entón vén a frustración. Por exemplo, non é que nós sexamos un grupo dese nivel, pero nós estamos gravando un disco e estámolo facendo nós. O que imos cobrando polas actuacións estámolo gardando para pagar todo o que nos temos que pagar. Todo o duro, pagámolo nós. Hai grandes grupos. Gústanme moito grupos como *De Vacas*, o que pasa e que é moi difícil levar grupos para arriba. Ás veces moito da tradición pérdese porque non hai suficiente axuda. Preguntábades antes cantos éramos. Realmente somos seis. Estamos en busca agora dunha persoa máis que aporte máis música cando se canta. Un

compañeiro ten complicado o de vir, moitas veces por problemas de traballo, así que ás veces somos cinco. Pero nós tratamos de defendelo.

Como obxectivos, nunca pensamos en grabar un disco, pero quixemos facelo porque, como algúns temas dos que tocamos son nosos orixinalmente, queremos que queden rexistrados e cando alguén no día de mañá se pregunte de quen son esos temas, que non vexa que é un tema “de autor descoñecido”. Non, este tema é dunha xente de Rianxo, que o grupo se chama Río de Anxo e que os toquen. Cando saen á calle, gustaríame que se gustan os temas se toquen e se disfruten. O noso obxectivo primordial sempre foi disfrutar e pasalo ben. Nunca pensamos un obxectivo de grabar un disco. Presentóusenos a oportunidade ao ter esos temas e para nós agora é fundamental ter o disco. Para min que se diga que hai un disco noso sería increíble. Son oito temas nosos e despois van catro cantados intercalados uns con outros. Un obxectivo que tamén sempre tiven, xa que na miña casa había emigrantes, foi poder ir tocar onde estaban os emigrantes. Por exemplo ir á Arxentina ou a Cuba. Poder levar as gaitas e ir tocar ó Centro Galego, ir á Casa de Galicia na Arxentina e ver toda a historia que hai alí, de todos os galegos que foron alá... Agora ben, o principal obxectivo é disfrutar co que facemos. Que agora chegamos a grabar un disco? Que xa o están mezclando. Eu xa me dou cun canto nos dentes. Non o facemos con ánimo de lucro, de gañar. Nós só o facemos con ánimo de que quede ahí rexistrado, non pretendemos nada máis. Teño uns temas que me saíron. Cando non se rexistran os temas pasa que se pregunta quen é o autor e a resposta adoita ser “Este é un tema tradicional, foi recollido en...” e non. Nese sitio haberá un home que, non se chegou onda el, pero ahí alguén inventou esto. Non xorden os temas así, o que pasa é que non profundizamos porque vai desaparecendo a información ao ir morrendo as xeracións. Ás veces quedan temas que, ao non poder chegar a coñecer o autor orixinal óptase por poñer que é tradicional.

NOSSOMOS: Con que apoios e axudas contastes xa sexa de organismos, entidades ou persoas para poder abordar este proxecto?

ÁNGEL COLLAZO: Como axuda, a da xente que nos contrata para facer as actuacións. O resto, como me gusta dicir a min, *pico e pala*. Fixemos moitos kilómetros a andar, de alboradas, etc. Moitos zapatos gastados e moito sudor, que se di rápido, en alboradas desde as nove da mañá ata as tres da tarde tocando polas aldeas, por corredoiras... E nunca tivemos axudas máis que as Institucións que nos chamaban. Por exemplo o Concello de Rianxo, cando estaba Adolfo, agora que están estes tamén, que che chaman... Pero bueno, foi moito pico e pala. Nós nunca pedimos subvencións porque non somos asociación como tal, mais de todas formas non somos moito de pedir subvencións. Se queremos comprar traxes, facémolos nós. Temos unha actuación, se nos da para comprar tela, compramos tela. Na seguinte, gardámola tela e se temos cartos para facer a feitura, pagámoslle á costureira e xa nos fai o traxe. Fan falta instrumentos? O mesmo procedemento, sacamos os cartos das actuacións. Todo un proxecto levantado desde abaixo. Volvo a recalcar, gracias á xente que nos chamou, xa que nós poderíamos estar ensaiando, pero non poderíamos facer nada desto sen as actuacións. E outra cousa, preferimos quedar na casa cando nos chaman para ir tocar cando, xa non por tema de cartos, non valoran o que hai que valorar. Todos os grupos teñen un valor, sexa máis ou menos e hainos que respetar. Témonos atopado con xente que di “total, catro gaiteiros para facer ruído pola mañá non paga a pena”. Eu non vou tocar a ningún sitio se me din que vou facer ruído. Hai xente que non valora o que é a cultura e a tradición. Non saben a tradición que ten un gaiteiro, de onde vimos e para onde imos. Gracias a Deus que en moitos sitios valóranche moito.

NOSSOMOS: Poderías destacar os maiores logros do grupo? (Non nos referimos soamente a recoñecemento, premios ou actuacións destacadas)

